

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

XOSÉ LUÍS AXEITOS

O editor Soto Freire, mediador necesario na *Historia de Galicia*

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº4 · 2019

O editor Soto Freire,
mediador necesario
na *Historia de Galicia*

Xosé Luís Axeitos

director.follasnovas@rosalia.gal

A punto de rematar a publicación do tomo IV, as cartas familiares, do monumental epistolario de Murguía cómpre facer unha breve recapitulación sobre o contido do mesmo tendo en conta a escasa utilización que se ten feito desta obra.

Normalmente nos corpus epistolares deste tipo de publicacións as cartas recibidas son a maior parte do contido. No caso do epistolario que nos ocupa Murguía adoitaba facer un traballo que consistía en deixar copia das cartas enviadas. Esta circunstancia permitiunos reunir máis dun cento de cartas do historiador que completamos con outras misivas recuperadas de distintos arquivos familiares.

Ata o momento as cartas que compoñen este epistolario foron utilizadas nomeadamente como fonte para as biografías de Murguía e Rosalía de Castro e como soporte de diversas investigacións, sempre como material auxiliar para autorizar outro tipo de discursos pero nunca foron empregadas como discurso autónomo. É mágoa porque o conxunto das dúas mil cartas debuxa unha imaxe da máis importante rede intelectual dunha época crucial da cultura galega, a que transcorre entre a década de 1860 e 1890. Murguía non podería acometer a tarefa de escribir a historia de Galicia sen contar coa colaboración dunha serie de intelectuais e profesionais, as clases “educadas” do país, que estiveron con el; estamos a referirnos a Víctor López Seoane, Manuel Rúa Figueroa e Vicente V. Queipo no campo científico; Compañel, A. Chao e Soto Freire, nas artes gráficas; Paz Novoa no campo docente e xudicial; Puente y Brañas, Rosalía e Pondal na poesía; Pérez Ballesteros no folklore, Pérez Villamil e Villamil y Castro na arqueoloxía, Serafín Avendaño, Brocos ou Juan Sanmartín nas artes plásticas, Antonio de la Iglesia e Martínez Salazar no mundo da edición; Vicetto, Barros Sibelo e Carlos R. Fort na historia; Saco y Arce, Díaz de Robles na filoloxía, etc, etc.

Entre os máis de 450 correspondentes epistolares de Murguía cabe asignar diferentes roles e xerarquías: abundan os interlocutores que transmiten información, pódense

seguir as redes políticas de circulación de favores, as funcións de mediación, o significado que os actores lles dan ás súas relacións, a súa economía moral, en definitiva.

Un dato moi importante para valorar o epistolario no seu conxunto como discurso autónomo é o uso intensivo da correspondencia publicada. Así, podemos comprobar que do total das 1.500 cartas que recibe Murguía ao longo de 67 anos, 430 corresponden ao período 1964-1968, case un 30% do total, datas que coinciden coa elaboración e publicación das entregas correspondentes aos dous primeiros tomos da *Historia de Galicia*, impresa nos talleres de Soto Freire en Lugo. Pero aínda hai máis porque esta intensificación epistolar coincide coa superación do concepto de historia local, enclavada xeograficamente e non necesitada de comunicación a distancia. Polo contrario a historia de Murguía, conectada a un concepto transnacional de historia ten que procurar horizontes máis amplos e distantes.

De todos os correspondentes epistolares de Murguía ocupa cuantitativamente o editor Soto Freire un lugar destacado. É autor dun total de 64 cartas escritas entre 1865-1868 ás que temos que engadir outras dez que remite a Rosalía. Malia esta singularidade consideramos que o perfil intelectual do editor de Lugo que transmiten as cartas non se corresponde co importante rol que desempeñou na elaboración do discurso historiográfico de Murguía e da cultura galega en xeral. Para descubri-lo e valoralo temos que ler o discurso mediador que testemuñan as cartas dirixidas por Soto Freire a un grupo de intelectuais e estudosos da cultura galega aos que pide colaboración para facilitarlla ao autor da *Historia de Galicia*. Deste xeito aquelas cartas nas que apremiaba a Murguía e Rosalía para que fixeran as entregas puntualmente, aquelas laios pola ruína económica, que lle impedía librar fondos ao matrimonio, quedan mitigados polo traballo e pola capacidade de xestión informativa que aporta ao seu autor.

Soto Freire consegue a través de Justo Gayoso a compra dos papeis de Díaz y Robles de Ferrol polos que lle paga a cantidade de 220 reais á súa viúva; por mediación do editor de Lugo Murguía recibirá a lectura correcta da inscrición dunha lápida por parte de Genaro Mariñas, de Porto do Son; pola súa influencia Andrés García, de Melide, dá información sobre un semicírculo de ouro atopado polos obreiros que abrían a estrada de Betanzos a Ourense; grazas a Soto Freire Gregorio Cerdeiras Villamil describe para Murguía todos os monumentos dos arredores de Santa María de Bretona; ao longo de catro anos Murguía vai recibir publicacións, libros e revistas editados moitos deles en Francia, Alemaña e Italia por valor de 4817 reais. Estas peticións van xerar unha rede autónoma de axuda que se transmite sempre por vía epistolar.

Sen esta infraestrutura colaboradora que proporciona Soto Freire a *Historia de Galicia* de Murguía probablemente carecería do rigor e metodoloxía innovadora que acadou. No desempeño desta función mediadora móstrase o rol vertebrador que xoga Soto Freire como referente dunha empresa de estrutura familiar, como eran a maior parte das radicadas en Galicia ata os anos vinte do século XX. Este modelo de empresa familiar adoitaba recorrer ás suscripcións como forma segura de impresión (o exemplo máis significativo

sería a *Historia de Galicia* ou o *Diccionario de escritores gallegos* de Murguía). Tamén procuraba a axuda oficial en Concellos e Deputacións intentando conseguir antes para determinadas obras o selo oficial de protexidas e idóneas para o ensino, sempre unha fonte de ingresos importante. Tal é o caso da obra tamén de Murguía, *La Primera Luz*.

Pero a rede comunicativa que como apoio crea Soto Freire tamén nos permite penetrar nas complexas e difíciles relacións entre texto, autor, editor, impresor e lector cando son moi poucas as obras na historia editorial galega que permiten documentar o camiño, sinuoso, que segue un texto ata que, convertido en libro, atopa co lector axeitado.

Faltos de contratos e outros documentos oficiais serán as cartas a principal fonte para saber o número de exemplares impresos, o prezo do libro, as librerías que o distribúen. As cartas de Soto Freire, tanto a correspondencia pasiva como a activa, son fonte imprescindible para achegarse a unha historia da impresión en Galicia. Como mostra do interese e importancia que ten a rede epistolar creada arredor de Soto Freire publicamos dúas cartas de Víctor López Seoane que revelan os graves problemas que tivo que afrontar o editor para levar a porto a empresa que comezou con Murguía.

De Víctor López Seoane a Soto Freire

Ferrol 6 de mayo de 1867

Muy Sr. mío: Como decía á U. en mis cartas al remitirle las descripciones arqueológica, mineralógica, botánica y zoológica para la Historia de Murguía, haríamos cuentas al terminarlás; y, como U. como Editor no me habló nada de un asunto para nosotros tan interesante, espero que no demorará U. por más tiempo este negocio, lo que en verdad me extraña siendo U. una persona tan puntual y activa en todas sus empresas.

De U. atento servidor q.b.s.m.

V. López

Ferrol 23 de junio 1867

Muy Sr. mío: sin propasarse U. a denuestos que yo no consentiré de ningún modo por más que no me admiren en U., voy a contestarle como acostumbro relegando al desprecio toda ojarasca.

Entrando en la cuestión le diré: que mi trabajo no tiene precio: que es original científico y en él se vierten muchas ideas completamente nuevas. Murguía mal podía escribir de lo que no sabe, por lo tanto no es cierto que parte del original esté de su letra, á no ser que le diese la vena de copiarlo.

Conservo sus cartas y las de U. y todas demuestran que se me pidió ese trabajo, que lo hice atinando “de medio á medio” con los deseos de Murguía, que se me cobraron las entregas de esta obra, lo cual no podrá negar ni el repartidor ni las cubiertas en las cuales se lee esta

ó parecida receta “Sr. L. Seoane 2 rs.” que se me retiró ahora que dejé de hacerlo, por mas que dije a U. continuase mandándolas y se pagarán como hasta aquí. Que se cometió una falta grave ó leve en un periódico, y se eludió la satisfacción agregando mil insultos de ambas partes (U. y él) que se piden 300 y tantos reales por la tirada aparte de 200 ejemplares y que se cobró esto (según U. dice) de otro que no es el interesado, lo que por ilegal y absurdo no hace fé en juicio ni fuera de él como diría un escribano.

Considerando (como diría un abogado) que Uds. me han pedido ese trabajo, que lo he dado, y agradó en extremo a Uds. y que de él se lucraron con numerosa suscripción (al menos así lo han dicho Uds. en letra de molde).

Considerando, que Uds me cobraron sin mi consentimiento y por segunda persona la tirada de los 200 ejemplares y en cambio me han regalado inauditos insultos.

Visto (como diría también un abogado) que Uds son unos ingratos (como llevo demostrado) y que se lucran del trabajo ajeno sin agradecerlo etc.

He resuelto que U., señor editor, me pague directamente mi original, así como de Murguía recibió mi dinero sin yo saberlo, ó dé orden ó aviso ó como U. quiera al Sr. Murguía para así verificarlo, advirtiéndole de paso que deseo saber á como paga U. a este Sr. el pliego, ó sea entrega de la obra, no para arreglarme a esto, pues, como yo me hallo en muy distinto caso del Sr. Murguía y no solo vivo no de la pluma, sino que por complacer a Uds perdí durante unos meses mucho por mi profesión, debo cobrar como debo, atendiendo á la índole de mi trabajo.

He consultado a varios editores de primo cartelo y uno (como todos) admirado de lo que pasa por estas ignotas tierras entre autores y editores me dice: “nadie es capaz de tasar el trabajo intelectual ó literario-científico que otro hace”...

“Es, sino un deber, al menos un acto de delicadeza, que el Editor de una obra, dé un ejemplar de ella á los que en algo han puesto en su redacción o parte literaria. Esto se entiende si no se estipuló, pues suele acontecer por regla general que se ponga la condición de que al autor o autores se les den tantos o mas ejemplares y si no hay esta condición o sea ninguna, repito que por deferencia ó delicadeza se le den unos dos ó tres ejemplares. Mas no es un deber de justicia, lo que sí es un deber que en la parte que cada uno ha puesto se le den los pliegos llamados de capillas”.....

Ya ve U, que aunque ignoro, como U. dice, muchas cosas, y de cuya duda no me sacó U. por que hace mucho que lo sé, no ignoro que estas dudas las deshacen los peritos y que un perito y muy perito de la corte se expresa de este modo, al cual, naturalmente he referido el lance.

Que esta delicadeza y deferencia exista con aquellos a quienes se les paga, verdaderamente que lo ignoraba; pero, que á los que regalan original, ni delicadeza ni deferencia y si por un orden natural se le regalan además de la gratitud los ejemplares que pida, eso sí que lo sé hace muchos años. Me lo enseñó la Real Academia de Ciencias de Madrid, cuando sin el menor nombre y siendo estudiante de tercer año le remití un trabajo y me hizo edición aparte de mayor tamaño y lujo de 200 ejemplares, me tributó mil elogios etc, etc. Pero, ésta era la Real Academia en la cual se cobijan muchos de esos seres que Murguía conoce con su punzante dictado de sabio, y, aunque no son editores, son atentos, delicados y sabios! y agradecidos

como inteligentes, pues tiene U, razón en lo que dice en la suya, estando conforme en que es un mal arrojar margaritas á puercos.

Pero, no quiero alargarme mas que ya perdí bastante tiempo. Reflexione U. bien lo que hace, que no quiero dar un espectáculo, pero ya que U. provocó el conflicto hay que seguir adelante. Si Uds. tuvieran mas templanza nos hubiéramos entendido. Marcharé luego á Londres y París [y] no quisiera dejar esto pendiente. Queda de U. atento servidor q. b. s. m.

V. López

No tendré inconveniente en entenderme con Ud. si lo hace con buenos modales.

Obviamente as reclamacións de Víctor López Seoane pola súa colaboración con Murguía está plenamente xustificada se analizamos a correspondencia entre o reclamante e o historiador. En efecto, con data 4 de febreiro de 1865, Víctor L. Seoane accede a colaborar na obra de Murguía sempre e cando se cumplan unha serie de condicións:

Siempre que vaya bajo mi nombre todo el tratado de las producciones naturales, accedo por hacerte lo que a varios negué y para darte una prueba y no floja de lo mucho que estimo tus talentos, pues, ¿no reconoces que entregar el fruto de casi toda mi vida es exigir demasiado?
(*Cartas a Murguía* I, p. 274)

En cartas posteriores vai presentando o naturalista o seu proxecto especificando o número de cuartillas (*Cartas a Murguía* I, p. 372) que ao final pode reducir, a petición de Murguía a 144 (*Cartas a Murguía* I, p. 345). Por suposto que Víctor López Seoane é consciente da valía do seu traballo e da excepcionalidade do mesmo: *Nadie sino yo (sin jactancia) puede satisfacerte*, dille nunha carta de 1865.

A tensa relación que revela esta última carta de López Seoane está, logo, xustificada epistolarmente e terá un final non de todo satisfactorio se analizamos a correspondencia a tres que xera este problema. Curiosa a forma que toma a carta na segunda parte cando adopta a fórmula dos “considerandos” como sutil ameaza de xudicializar o problema. Curioso tamén o arcaísmo “pliego de capillas” para referirse ao que hoxe serían as “separatas”. En definitiva, unha vez máis, a carta como documento imprescindible e testemuño único das relacións entre escritores, editores e intelectuais en Galicia.

o como N. quiera al Sr. Murguía para
ser verificado, advirtiéndole de paso
q' deseo saber a' como paga d. a'
este Sr. el pliego de impresión de
3 pag' 2.^{or} o sea entrega de la obra,
no para arreglarle a' esto, pues, como
yo me hallo en muy distinto caso
del Sr. Murguía y ^{solo no,} no vivo de la
pluma, sino q' por complacer a' N.^{do}
perdi' durante unos meses muchos por
mi profesion, debo cobrar como debo,
atendiendo a' la índole de mi trabajo.

He consultado a' varios editores de
primos castelo, y uno (como todos) admi-
rado de lo q' para por estas ignotas
teoría entre autores y editores me
dice. "nada es capaz de tarar el tra-
bajo intelectual o literario-científico q'
esto hace".....

"Es, uno un deber, al menos un acto
de delicadereza, que el Editor de una
obra, de un ejemplar de ella a' los

U.S.

L. D. Marmel foto Breire.

Ferrol 23 Junio 1887

Muy Sr. mio: sin proparace N. a' de
nuestras que yo no consentire' de ningun mo-
do por mas q' no me admiran en N,
hoy a' contestable como arontumbos, relegan-
do al desprecio toda su operacion.

Entrando en la cuestion de dire: que
mi trabajo no tiene precio: que es origi-
nal cientifico y en él se vierten num-
chas ideas completamente nuevas. Marguina
mal podia escribir de lo q' no sabe, por
lo tanto no es cierto q' parte del
original este de su letra, a' no ser
q' le obiere la vena por copiarlo.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**